



PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: modificación da Ordenanza reguladora da protección dos camiños e vías públicas municipais do Concello de Vimianzo.

Vista a ordenanza reguladora da protección dos camiños e vías públicas municipais do Concello de Vimianzo (BOP n.º 27 do 08.02.2017). Dende a súa entrada en vigor hai algo máis de un ano, unicamente se presentou unha comunicación previa por parte dunha empresa madeireira, o que supón un incumprimento reiterado das obrigas establecidas na ordenanza por parte das empresas do sector que operan en Vimianzo. Segundo as empresas do sector, o motivo deste incumprimento é o elevado importe da garantía fixada polos servizos técnicos municipais.

Tendo en conta que o obxectivo do Concello coa aprobación desta ordenanza é acadar un maior control sobre as actividades de corta e saca de madeira, a efectos de poder reclamar a reparación dos danos causados ao viario municipal, considerase que esta finalidade pode acadarse sen necesidade de esixir a constitución dunha garantía. Polo exposto, propónse unha modificación da ordenanza neste sentido, derogando o artigo 7 e modificando todos aqueles que se refiren á constitución da garantía.

Visto o informe emitido pola secretaría municipal o 21 de maio de 2018, ao abeiro do disposto no art. 3.d) apartado 1º do RD 128/2018, do 16 de marzo, polo que se aproba o regulamento do réxime xurídico dos funcionarios con habilitación nacional.

Realizada a tramitación legalmente establecida e vista a competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse a este, previo ditame da Comisión Informativa de Benestar social, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora da protección dos camiños e vías públicas municipais do Concello de Vimianzo, consistente en:

OPCIÓN C:

Artigo 7.- Garantía

1. As empresas madeireiras deberán depositar unha garantía en metálico ou aval bancario a favor do Concello co obxecto de responder das obrigas contidas nesta ordenanza. A contía da fianza – que debe ser depositada coa comunicación previa – faise de dúas formas, a escoller pola empresa:

- Por saca puntual: 400 euros
- Anual: 3.000 euros

2. Se a corta e retirada de madeira ten lugar no período estival (do 1 de xuño ao 30 de setembro), a contía da fianza será reducida nun 50%.

3. A fianza por saca puntual será devolta unha vez comunicado o remate dos traballos, e verificado polo concello o estado do dominio público afectado polos mesmos.

4. A fianza anual será constituída coa primeira corta, e será devolta, previa solicitude da empresa, despois da última corta que comunique, e verificado polo concello o estado do dominio público afectado polos traballos da empresa.

(Apartados 5 en diante igual)



Segundo.- Someter a devandita Ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

De non se presentar reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Terceiro.- Facultar o Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

Vimianzo, a 30 de xullo de 2018

O alcalde

Manuel Antelo Pazos